# PROGRAMACIÓN DE TROMPA

(Grao Elemental e Grao Profesional)

DEPARTAMENTO DE VENTO

· **Título I. Presentación da Programación Oficial de Trompa ........................ 5.**

· Capitulo 1º. Introducción
· Capitulo 2º. Fundamentación legal.
· Capitulo 3º. A quen vai dirixida. Coñecementos previos
· Capitulo 4º. Características psicolóxicas e musicais
· Capitulo 5º. Interdisciplinariedade
· Capitulo 6º. Relación coas ensinanzas de réxime xeral
· Capitulo 7º. Tempo
· Capitulo 8º. Espazo

· **Título II. Obxectivos Xerais das Ensinanzas Musicais ................................ 9.**

· Capitulo 1º. Obxectivos xerais do Grao Elemental
· Capitulo 2º. Obxectivos xerais do Grao Profesional

· **Titulo III. Obxectivos Específicos ........................................................... 11.**

· Capitulo 1º. Do Grao Elemental
· Capitulo 2º. Do Grao Profesional

· **Titulo IV. Obxectivos, contidos e criterios de avaliación .......................... 12.**

· Grao elemental da materia de Trompa
· Grao profesional da materia de Trompa

· **Título V. Metodoloxía ........................................................................ 13.**

· Capitulo 1º. Principios Metodolóxicos
· Capitulo 2º. Métodos Didácticos.
· Capítulo 3º. Modelo de aprendizaxe
· Capítulo 4º. Profesorado

· **Título VI. Atención á Diversidade ............................................................ 15.**

· Capítulo 1º. Preambulo
· Capítulo 2º. Alumno Extranxeiro
· Capítulo 3º. Superdotación Intelectual
· Capítulo 4º. Alumnado con Necesidades Educativas Especiais

· **Título VII. Temas Transversais .............................................................. 17.**

· Capítulo 1º. Educación en Valores
· Capítulo 2º. Tratamento das Tecnoloxías da Información e da Comunicación (TIC's)
· Capítulo 3º. Actividades Culturais e de Promoción das Ensinanzas

**· Título VIII. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas ……………. 18.**

·Capítulo 1º. Actos institucionais

·Capítulo 2º. Cursos e clases maxistrais

·Capítulo 3º. Audicións

·Capítulo 4º. Outros

**· Título IX. Secuenciación por Cursos ……………………………………………… 20.**

**·Curso 1º G.E**

·9.1.1. Obxectivos

·9.1.2. Contidos

·9.1.3. Avaliación

·9.1.4. Medidas de recuperación

·9.1.5. Recursos didácticos

**·Curso 2º G.E**

·9.2.1 Obxectivos

·9.2.2. Contidos

·9.2.3. Avaliación

·9.2.4. Medidas de recuperación

·9.2.5. Recursos didácticos

**·Curso 3º GE**

·9.3.1. Obxectivos

·9.3.2. Contidos

·9.3.3 Avaliación

·9.3.4. Medidas de recuperación

·9.3.5. Recursos didácticos

**·Curso 4º GE**

·9.4.1. Obxectivos

·9.4.2. Contidos

·9.4.3. Avaliación

·9.4.4 Medidas de recuperación

·9.4.5. Recursos didácticos

**·Curso 1º GP**

·9.5.1. Obxectivos

·9.5.2. Contidos

·9.5.3. Avaliación

·9.5.4 Medidas de recuperación

·9.5.5. Recursos didácticos

**·Curso 2º GP**

·9.6.1. Obxectivos

·9.6.2. Contidos

·9.6.3. Avaliación

·9.6.4 Medidas de recuperación
·9.6.5. Recursos didácticos
**·Curso 3º GP**
·9.7.1. Obxectivos
·9.7.2. Contidos
·9.7.3. Avaliación
·9.7.4 Medidas de recuperación
·9.7.5. Recursos didácticos
**·Curso 4º GP**
·9.8.1. Obxectivos
·9.8.2. Contidos
·9.8.3. Avaliación
·9.8.4 Medidas de recuperación
·9.8.5. Recursos didácticos
**·Curso 5º GP**
·9.9.1. Obxectivos
·9.9.2. Contidos
·9.9.3. Avaliación
·9.9.4 Medidas de recuperación
·9.9.5. Recursos didácticos
**·Curso 6º GP**
·9.10.1. Obxectivos
·9.10.2. Contidos
·9.10.3. Avaliación
·9.10.4 Medidas de recuperación
·9.10.5. Recursos didácticos

# TÍTULO I

# PRESENTACIÓN DA PROGRAMACIÓN OFICIAL DE TROMPA

## CAPITULO 1º. INTRODUCCIÓN

A presente programación está baseada na secuenciación dos obxectivos, contidos e criterios de avaliación realizada a partir do currículo vixente para a materia de Trompa dentro do Grao Elemental e Profesional. Inclúense os obxectivos e contidos, a metodoloxía, a avaliación (criterios e procedementos), materiais e recursos didácticos empregados e directrices de atención á diversidade. Tamén se inclúen certos apartado que, se considera teñen unha importancia vital para que o docente coñeza aos seus alumnos e, desde xeito, poida encauzar máis eficazmente, a acción educativa: características do alumnado, relación cos estudos xerais, relación interdisciplinares, competencias, etc.

No que se refiere aos elementos básicos do currículo, a presente programación contempla a secuencia de contidos para os 10 anos, nos que se imparte a materia. tanto os obxectivos como os criterios non se secuencian e, simplemente, respectan os presentes no currículo, xa que son suficientemente concretos. Os criterios de avaliación están formulados segundo os obxectivos asumindo os do currículo. A temporalización trimestral dos contidos non presente presentar unha programación pechada e definitiva, senón un elenco aberto de contidos e enfoques útiles para a formación do alumnado. É, simplemente, unha proposta con diferentes posibilidades á disposición do docente, aberta, variable e flexible.

## CAPITULO 2º. FUNDAMENTACIÓN LEGAL

A presente Programación didáctica baséase, en primeiro lugar na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, que incide nas ensinanzas artísticas que teñen como finalidad *proporcionar ao alumnado unha formación artística de calidade*. Por iso, todos os departamentos constituíntes do conservatorio deben mellorar os aspectos que, anteriormente, puideron desatenderse.

Dado que a LOE, concede total libertade ás comunidades autónomas, a comunidade de Galicia desenvolveu os Decretos 198/2007, e 203/2007 do 27 de septembro, polo que se establece a ordenación do Grao Elemental e Profesional das ensinanzas de réxime especial de música. Este Decreto compleméntase co Decreto 223/2010, do 30 de setembro, que establece o Regulamento orgánico dos conservatorios elementais e profesionais en Galicia e a orde do 4 de agosto de 2011 que desenvolve o citado decreto. Por último, é necesario ter en conta a Circular 15/2011 da Dirección Xeral de Educación pola que se ditan instrucións para determinados aspectos do funcionamento dos conservatorios elementais e profesionais de música e danza.

## CAPITULO 3º. A QUEN VAI DIRIXIDA. COÑECEMENTOS PREVIOS

Dependendo do curso que se trate e da idade á que se acceda ao Conservatorio en grao elemental ou en grao profesional, os coñecementos previos adquiriranse na primaria, na educación infantil ou noutros centros, como escolas de música.

## CAPITULO 4º. CARACTERÍSTICAS PSICOLÓXICAS E MUSICAIS

Como pai da psicoloxía moderna, Jean Piaget é a base da programación neste aspecto, tendo en conta o cognitivismo, que considera que a intelixencia actúa por medio de dúas función, sendo cada unha unha adaptación ao medio. Esas dúas funcións, asimilación e acomodación, son complementarias e representan os dous aspectos básicos invariables da intelixencia ao longo da vida.

A teoría piagetiana diferencia catro períodos na vida dun neno:

**· OPERACIÓNS SENSOMOTORAS (DE 0 A 24 MESES).**

**· REPRESENTACIÓNS PREOPERACIONAIS (DE 2 A 7 ANOS).**

**· OPERACIÓNS CONCRETAS (DE 7 A 12 ANOS).**

**· OPERACIÓNS FORMAIS (DE 12 A 15 ANOS).**

A grande parte do alumnado encóntrase na etapa de operación concretas. Os cambios son graduais e non se dan en todos os nenos ao mesmo tempo, polo que haberá momentos nos que non todos os alumnos avancen e evolucionen igual. Será, entón, necesario optar por diversas estratexias de aplicación, segundo as necesidades do momento.

Os alumnos durante este período non poden elaborar teorías xerais e non relacionan tempo e velocidade ata os nove ou dez anos, e ata os doce, non sente a necesidade dun patrón de medida. Necesitará, pois, máis axuda do docente nesta etapa.

O perfeccionamento da técnica instrumental baséase na práctica sistemática e, tal como noutras asignaturas do grao, necesita: saber escoitar, saber ler, saber escribir e reflectiranse en facer, sentir, recoñecer/entender.

Desenvolver os contidos en espiral ou círculos concéntricos fai que os elementos básicos estean sempre presentes desde o primeiro momento até o final. A partir de aí, afondaranse ata completar o desenvolvemento pleno desexable para finalizar o grao elemental e acceder ao profesional. A actividade terase en conta como parte do proceso de ensinanza/aprendizaxe, que non se limitará á manipulación e acción externa dos elementos materiais e recursos musicais,

senón que consistirá nunha actividade que permita interiorizar experiencias propias e previas. As situación desexables serán, por tanto, de participación, comunicación, intercambio de ideas, improvisación e manipulación do obxecto sonoro e a músicacomo elemento pedagóxico e estético.

## CAPITULO 5º. INTERDISCIPLINARIEDADE

Durante o grao elemental, tendo en conta as poucas materias que o integran, as relación interdisciplinares son bastante claras e sinxelas. O instrumento é o eixo sobre o cal se articulan as outras dúas asignaturas. O linguaxe musical é unha materia de tipo funcional, xa que permite avances tanto no instrumento como na educación vocal e auditiva. Non obstante, a relación entre os materiais vai máis alá do feito tan obvio que acabamos de citar: os seus contidos tamén se relacionan entre si.

## CAPITULO 6º. RELACIÓN COAS ENSINANZAS DE RÉXIME XERAL

As ensinanzas de réxime xeral comprenden os niveis de educación infantil, educación primaria, educación secundaria e formación profesional. A etapa coincidente co grao elemental é a educación primaria, que se estende dos seis aos doce anos e aparece estruturada en tres ciclos de dous anos cada un. A Educación Musical está incluída dentro da Área de Educación Artística, que consta de catro bloques de contido (segundo o Decreto 130/2007), dos que os dous primeiros (Interpretación e creación musical e Escoita) son relativos á Educación Musical. A linguaxe musical aparece como contido transversal a ambos bloques, do mesmo xeito que se reflicte a interpretación vocal, instrumental e corporal.

Máis alá da natureza puramente musical do instrumento, relaciónase con outros códigos e materias que son obxecto de estudo nestas idades, é o que se denomina interdisciplinariedade. Están: a coordinación, a expresión corporal, relacionadas coa educación física; a expresión oral e escrita; a terminoloxía utiliza na música e a audición en diferentes idiomas, relacionados coa lingua estranxeira; e o estudo do ritmo, agóxica, afinación e física do son, que se vinculan á matemática.

## CAPITULO 7º. TEMPO

Esta programación didáctica correspóndese coa planificación da materia de trompeta para todo o grao elemental e profesional. Os obxectivos, contidos e criterios de avaliación recollidos no presente texto repartiranse ao longo dos tres trimestres en quince unidades didácticas. As

unidades están pensadas para desenvolverse en dúas sesións de unha hora cada unha. En todas debe traballarse algo de cada bloque de contidos e dos aspectos derivados de cada un deles.

## CAPITULO 8º. ESPAZO

A materia impartirase nunha aula do centro. A ratio é de un profesor por alumno; é decir, que é unha materia individual (excepto nas clases colectivas). A aula dependerá das posibilidades do centro e a distribución do seu interior será con *piano, cadeiras de alumnos sen pala e un atril* no centro da aula para favorecer a comodidade, o momento e a expresión e o contacto visual entre o docente e o pianista (sempre que o haxa), a través da coordinación, a supervisión personalizada e o diálogo.

Contarase tamén cunha biblioteca de aula que incluirá libros e partituras necesarias para o desenvolvemento das clases, equipo de música e un estante para uso do alumnado.

Sempre que haxa clases colectivas favorecerase a comunicación, o intercambio de ideas e as agrupacións realizaranse seguindos os criterios que os docentes estimen oportuno e adecuado.

# TÍTULO II.
# OBXECTIVOS DAS ENSINANZAS

## CAPÍTULO 1º. OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO ELEMENTAL

*a)* Apreciar a importancia da música como linguaxe artístico e medio de expresión cultural dos pobos e das persoas.

*b)* Expresarse con sensibilidade musical e estética para interpretar a música de diferentes épocas e estilos, gozar con ela e enriquecer las propias posibilidades de comunicación e de realización persoal.

*c)* Coñercer e valorar a importancia da respiración e do dominio do propio corpo e no desenvolvemento da técnica instrumental, da calidade do son e da interpretación.

*d)* Relacionar os coñecementos musicais coas características da escritura e da literautra do instrumento da especialidade, coa finalidade de adquirir as bases que permitan desenvolver a interpretación artística.

*e)* Interpretar en público, coa seguridade necesaria en si mesmo, para vivir a música como medio de comunicación.

*f)* Interpretar música en grupo habituándose a escoitar outras voces ou instrumentos e adaptarse harmónicamente ao conxunto.

*g)* Ser consciente da importancia do traballo individual e adquirir a capacidade de escoitarse e ser crítico consigo mesmo.

*h)* Valorar o silencio como elemento indispensable para o desenvolvemento da concentración, a audición interna e o pensamento musical.

*i)* Ser consciente da importancia dunha audición activa como base imprescindible na formación de futuros profesionais.

*j)* Fomentar a utilización do patrimonio musical en xeral, e do galego en particular, como medio indispensable no enriquecemento da persoa e da súa formación musical.

## CAPITULO 2º. OBXECTIVOS XERAIS DO GRAO PROFESIONAL

As ensinanzas profesionais de música deberán contribuir a que o alumnado adquira as capacidades seguintes;

*a)* Superar con dominio e capacidade crítica os contidos e os obxectivos formulados nas materias que compoñen o currículo da especialidade elixida.

*b)* Coñecer os elementos básicos das linguaxes musicais, as súas características, as función e as transformacións nos contxtos históricos.

*c)* Utilizar o oído interno como base da afinación, da audición harmónica e da interpretación musical.

*d)* Fomentar unha imaxe axustada das posibilidades e das características musicais de cada un, tanto a nivel individual como en relación co grupo, coa disposición necesaria para saber integrarse como un membro máis del ou para actuar como responsable de conxunto.

*e)* Compartir vivencias musicais de grupo na aula e fora dela que permitan enriquecer a relación afectiva coa música, a través do canto e da participación instrumental en grupo.

*f)* Valorar o corpo e a mente para utilizar con seguridade a técnica e poder concentrarse na audición e na interpretación.

*g)* Relacionar e aplicar os coñecementos adquiridos en todas as materias que componen o currículo, nas vivencias e nas experiencias propias para acadar unha interpretación artística de calidade.

*h)* Coñecer e aplicar as técnicas do instrumento ou da voz de acordó coas esixencias das obras.

*i)* Adquirir e demostrar os reflexos necesarios para resolver eventualidades que xurdan na interpretación.

*j)* Cultivar a improvisación e a transposición como elementos inherentes á creatividade musical.

*k)* Interpretar individualmente ou dentro da agrupación correspondente obras escritas en todas as linguaxes musicais, afondando no coñecemento dos estilos e as épocas, así como nos recursos interpretativos de cada un destes.

*l)* Actuar en publico con autocontrol, dominio da memoria e capacidade comunicativa.

# TÍTULO III.
# OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

## CAPITULO 1º. DO GRAO ELEMENTAL

*a)* Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidad e que favoreza a correcta colocación do instrumento e a coordinación entre ambas mans.

*b)* Controlar o aire mediante a respiración diafragmática e os músculos que forman a embocadura, de maneira que posibilite unha correcta emisión, afinación, articulación e flexibilidade de son.

*c)* Saber empregar con precisión os reflexos necesarios para corregir de forma automática a afinación das notas e a calidade do son.

Conocer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, dentro das esixencias do nivel, tanto na interpretación individual como na de conxunto.

*d)* Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o control permanente da afinación e perfeccionamento continuo da calidade sonora.

*e)* Emitir un son estable, en toda a extensión do instrumento, comenzando a utilizar o vibrato e os matices para dar cor e expresión á interpretación musical.

*f)* Coñecer o proceso de montaxe e fabricación das lengüetas e poder rebaixalas para o seu correcto funcionamento.

*g)* Interpretar un repertorio básico integrado por obras de diferentes épocas e estilos, dunha dificultade acorde a cada nivel.

## CAPITULO 2º. DO GRAO PROFESIONAL

*a)* Dominar no seu conxunto a técnica e as posibilidades sonoras e expresivas do instrumento.

*b)* Utilizar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para solucionar cuestión relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, etc

*c)* Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos, de dificultade adecuada a este nivel.

*d)* Practicar a música de conxunto, en formacións cameristicas de diversa configuración e desempeñando papeis de solista con orquetra en obras de dificultade media, desenvolvendo así o sentido da interdependencia dos respectivos cometidos.

*e)* Adquirir e aplicar progresivamente ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria.

*f)* Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

*G)* Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes en distintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

# TÍTULO IV

# OBXECTIVOS, CONTIDOS E CRITERIOS DE AVALIACIÓN

## 4.1 Grao elemental da materia de Trompa

No Anexo II do Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música, establécense os obxectivos, contidos e criterios de avaliación sobre os que se basea a presente programación.

## 4.2 Grao profesional da materia de Trompa

En canto aos elementos curriculares do grao profesional que serviron de base para a elaboración desta programación, estes pódense consultar no Anexo II do Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.

# TÍTULO V

# METODOLOXÍA

## CAPITULO 1º. PRINCIPIOS METODOLÓXICOS

*A)* ***A ACTIVIDADE:*** as cousas apréndense facéndoas; priman os contidos procedimentais.

*B)* ***UNIDADE ENTRE TEORÍA E PRÁCTICA:*** relacionar as materias teórico-prácticas coas instrumentais.

*C)* ***CREATIVIDADE***: o alumno deberá ser quen de aunar o analizado e sintetízalo nun acto creativo.

*D)* ***ATENCIÓN PERSOALIZADA:*** a alumno nun grupo é un membro activo e alcanza a súa máximo expresión neste clase individual de instrumento.

*E)* ***SOCIALIZACIÓN:*** interpretar en grupo supón un elevado nivel de interacción entre o alumado e unha interdependencia para obter resultados aceptables. Do mesmo xeito deben respectarse as normas de conducta e as directrices do centro.

*F)* ***INTERDISCIPLINARIEDADE:*** hai contidos compartidos no ciclo e no grao.

*G)* ***GLOBALIZACIÓN:*** tendo en conta os coñecementos previos, tanto da educación xeral, como da súa vida (experiencias propias) articularase de xeito máis adecuado a práctica educativa.

*H)* ***EDUCACIÓN EN VALORES:*** fomentando un comportamento óptimo (contidos de natureza actitudinal).

*I)* ***ENTORNO SOCIO-CULTURAL:*** deben terse en conta os recursos que se podan ofrecer: agrupacións (bandas, coros, orquestras, etc.), bibliotecas, hemerotecas, fonotecas, radio, televisión, etc. Do mesmo xeito, facilitaranse os acceso a eles sempre que docente e discente o necesiten.

## CAPÍTULO 2º. MÉTODOS DIDÁCTICOS

***MÉTODO DE PROXECTOS:*** propón ao alumno situación complexas para resolvelas de xeito creativo, estimulando a imaxinación, a creatividade e a aplicación das súas experiencias. O alumno parte da globalidade para desmenuzar.

***APRENDIZAXE POR DESCUBRIMENTO:*** con este método o alumno extrae conclusións rexistrando información. Descúbrese o contido, posteriomente tantéase e, por último, interiorízase.

***MÉTODO CIENTÍFICO:*** baseado na práctica e no experimento, introducindo posteriores modificacións á hipótese inicial.

## CAPÍTULO 3º. MODELO DE APRENDIZAXE

Emprégase o modelo baseado na ***aprendizaxe significativa***, no que o alumno constrúe os conceptos e o seu propio proceso de aprendizaxe. Debido a que é unha materia totalmente práctica baseada nun hábito de traballo constate e diario, supón certa autonomía e autocorrección. Así, desde o punto de vista da intervención pedagóxica, o fundamental é ter presente que o alumno aprende practicando, facendo, vivindo, oíndo, observando e experimentando os aspectos técnicos e expresivos do instrumento (baixo a atenta e coidadosa supervisión do profesor). Por todo isto, é necesario propiciar situación que fomenten a motivación do alumnado, así como a activación constante de coñecementos previos e de relación interdisciplinares, mediante os que se farán vínculos e se irán asentando os novos contidos de cada curso. Falamos, por tanto, dunha organización concéntrica dos contidos ao longo dos catro anos que se prolonga o grao elemental.

## CAPÍTULO 4º. PROFESORADO

O papel do profesor é mediador e guía entre a aprendizaxe musical e o alumno. Debe presentar unha actitude positiva ante as dificultades das sesión ou posible desinterese do alumando transmitindo en todo momento un trato cercano, que axude a motivar e contribúa a ter un bo ambiente durante as sesións. É importante que tamén se dea exemplo dos valores que se desexen transmitir e que se amose claridade en todas as exposicións e exemplos de contidos e no desenvolvemento das actividades e procedementos propostos. É indipensable que as sesión sexan ordenadas, posúan unhas pautas de traballo e actuación e se optimice o tempo. Ademáis, deberá fomentarse a creatividade e a variedade, dentro da orde das sesións.

# TÍTULO VI
# ATENCIÓN Á DIVERSIDADE

## CAPITULO 1º. PREAMBULO

Tanto o centro, como a aula e a materia deberán ser flexibles e susceptibles de modificarse canto sexa necesario en pro da adaptación a un alumno, que por circunstancias, puidese necesitalo. Sempre que faga falta, o docente favorecerá agrupacións que resulten en grupos máis compensados para facilitar as aprendizaxes daquelas persoas que amosen maior grado de dificultade.

Se é necesario completar este punto, realizarase unha avaliación inicial e, partindo de este punto e do principio de integración grupal, recolleranse datos para efectuar as modificacións pertinentes. Ademais, deben ser plausibles e viables as modificacións, dado que a programación e aberta e flexible.

## CAPÍTULO 2º. ALUMNADO ESTRANXEIRO

Os dous problemas mais destacados do tratamento do alumnado estranxeiro veñen dados pola comprensión do idioma e polas tradicións propias da súa cultura. En ocasións, o rexeitamento deste tipo de alumnado a certas actividades ven dado polas costumes da súa cultura (ou pola diferenza cos plans de estudo, nalgunhas zonas exclusivamente ligadas á práctica instrumental). O principio de integración pasa por coidar as actividades formuladas, intentando aproveitar os seus coñecementos sobre determinados aspectos do currículo (por exemplo os referidos a determinados elementos do ritmo, escalas ou sonoridades concretas, compositores do seu país..). No que se refire á comprensión do idioma, e dado o carácter procedimental deste tipo de ensinanzas, non supón un gran obstáculo. En todos os casos procurarase que o alumnado inmigrante participe cos seus compañeiros e compañeiras nas actividades propostas, de forma que a súa integración véxase favorecida.

## CAPÍTULO 3º. SUPERDOTACIÓN INTELECTUAL

Defínese ao individuo superdotado como aquel que posúe aptitudes excepcionais e polo tanto, capaz de obter un rendemento superior á media. O Real Decreto 943/2003, polo que se regulan as condicións para flexibilizar a duración dos diversos niveis e etapas do sistema educativo para os alumnos superdotados intelectualmente, trata no seu artículo 9 os criterios xerais para flexibilizar a duración dos diversos graos, ciclos e niveles para os alumnos

superdotados intelectualmente, nas ensinanzas de réxime especial. Dita flexibilización consistirá na súa incorporación a un curso superior ao que lle corresponda pola súa idade, sempre que a reducción destes períodos non supere a metade do tempo establecido con carácter xeral. Non obstante, e ante casos excepcionais, as Administracións educativas poderán adoptar medidas de flexibilización sen tal limitación; naturalmente, esta flexibilización incorporará medidas e programas de atención específica para dito alumno.

Hai que distinguir entre a superdotación intelectual e o talento. Un suxeito ten talento cando demostra aptitudes excepcionais para unha faceta artística ou cognoscitiva. Polo tanto, xunto ás necesidades educativas dos superdotados, debemos engadir as de aqueles individuos do grupo que teñan talento musical, no sentido de aceleración descrito no R.D 943/2003, ou ben elaborando actividades de ampliación (é decir, de maior dificultade que as previstas para o seu curso), de xeito que poda render segundo as súas propias capacidades.

## CAPÍTULO 4º. ALUMNADO CON NECESIDADES EDUCATIVAS ESPECIAIS

A atención á diversidade chega ao seu máximo exponente ao tratar ao alumnado con necesidades educativas especiais. Este tipo de discentes son persoas que presentan algún tipo de discapacidade, polo que poden precisar unha adaptación dos recursos materiais, ou unha adecuación dos elementos do currículo (reformulación dos obxectivos, coa conseguinte adaptación dos contidos e dos criterios de avaliación).

É evidente que a aptitude do individuo non está en relación coa discapacidade que sufra, xa que como facultade humana, a música provoca na persoa unha resposta gratificante, debida á sensibilidade. Pero ademais, no alumnado discapacitado, a música pode ter outros importantes significados, xa que pode paliar esa discapacidade, axudando no proceso de integración, comunicación, estimulación, ou sobre a maneira de asumir o seu problema.

Dadas as características de estas ensinanzas, non se considera na P.D. a existencia de alumnado con discapacidade intelectual, ainda que si con discapacidade física, pero se se dera ese caso tomarianse as medidas oportunas para solventar ou adaptarse a ese problema, dependendo da dsicapacidade intelectual.

# TÍTULO VII.

# TEMAS TRANSVERSAIS

## CAPÍTULO 1º. EDUCACIÓN EN VALORES

Con esta programación farase fincapié na educación en valores:

*a)* Inculcar e fomentar o rechazo a calquera tipo de discriminación baseada en diferenzas de sexo, raza, clase social e ideoloxía e categoría profesional (Educación para a PAZ e Educación para a Igualdade de Oportunidades de ambos sexos e prevención da violencia de xénero): nas clases colectivas, actividades como cantar, favorecen as relación entre o alumnado.

*b)* Adquisición de hábitos da vida saudable e deportiva  (Educación para a Saúde). A respiración , o coñecemento do corpo, as técnicas de relaxación, etc, permiten ao alumnado apreciar a importancia do coidado da saúde.

*c)* Educación ambiental, respecto pola naturalez e os eres vivos.

*d)* Coñecemento das crenzas, actitudes e valores da nosa tradición e patrimonio cultural. A música en si mesma é patrimonio cultural de todos os pobos. Nestas clases faremos fincapié na tradición propia como a estranxeira, valorando a riqueza da que disponemos para formarnos como persoas.

## CAPÍTULO 2º. TRATAMENTO DAS TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN E DA COMUNICACIÓN (TIC’S)

No referido ás Tecnoloxias da Información e da Comunicación (TIC) , a utilización dos medios informáticos supón un importante complemento para o traballo na aula, ampliando os recursos e procedementos. Tamén pódeselle pedir aos discentes a busca de información, ou ben críticas de prensa, música de filmes, visita a páxinas web de música clásica, etc.

## CAPÍTULO 3º. ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS

O departamento didáctico dentro das disponibilidades do centro, organizará diferentes actividades, co fin de complementar a aprendizaxe da materia, e mediante a participación activa de todo o alumnado.

Ditas actividades consistirán en recitais, concursos temáticos, concertos didácticos, saídas a exposicións, concertos e diferentes actividades relacionadas coa música.

# TÍTULO VII

## ACTIVIDADES CULTURAIS E DE PROMOCIÓN DAS ENSINANZAS

Dentro do Proxecto Educativo de Centro do noso Conservatorio, referente ás normas de organización e funcionamento, establécese que estas actividades se poderán clasificar en actos institucionais, cursos e clases maxistrais, audicións e outros.

O alumnado terá o dereito de asistir, aínda que non a obriga, ás actividades culturais e de promoción das ensinanzas que se organicen dende o Departamento, agás nas audicións, onde si deberán participar.

A organización de todas as actividades extraordinarias e complementarias do conservatorio corresponden, como norma xeral, ao Equipo de Actividades Culturais e á Vicedirección como coordinadora do dito equipo. Para todas estas actividades agás as audicións de aula (non sendo casos especiais que así o requiran), establecerase un plan de actuación que pode ser consultado no Proxecto Educativo do Centro anteriormente citado.

### CAPÍTULO 1º. ACTOS INSTITUCIONAIS

No curso académico 2016/2017 decidiuse iniciar a institucionalización dunha serie de concertos, de xeito que pasaran a formar parte da programación estable do Centro. Seguindo esta liña de continuidade o Departamento de Vento colaborará, cando sexa posible, nos seguintes actos:

· **CONCERTO DE APERTURA DO CURSO ACADÉMICO.**

· **CONCERTOS BENÉFICOS:** en colaboración con entidades benéficas, coa posibilidade de recadación de donativos. Así mesmo, intentarase celebrar fóra do Centro, nalgún lugar que garanta a maior difusión posible.

· **CICLOS DE CONCERTOS:** como por exemplo o Ciclo de Primavera onde se convida a solistas e agrupacións tanto externas como formadas por membros do claustro.

· **ACTOS DE GRADUACIÓN:** Alumnado que remata os estudos do 6º curso do grao profesional.

Ademais das actividades que se realicen no seo do propio Centro, intentarase celebrar concertos en salas ou espazos que permitan unha maior proxección e divulgación da nosa tarefa didáctica.

## CAPÍTULO 2º. CURSOS E CLASES MAXISTRAIS

Os cursos e clases maxistrais a realizar, unha vez aprobados no seo do departamento correspondente trasladaranse ao Consello Escolar onde se debaterán, e se son autorizados pasarán a ter a consideración de actividades extraescolares ou complementarias do Centro.

No caso de que o Departamento teña algunha proposta, esta deberá ser tratada no mes de setembro e incluída na Programación Xeral Anual. As propostas posteriores a esta data, poderán terse en conta, sempre que sexan autorizadas polo Consello Escolar. No caso de haber orzamento para as actividades, será o Consello Escolar quen estableza os criterios de distribución do mesmo.

## CAPÍTULO 3º. AUDICIÓNS

Atendendo ao que se contempla nos currículos de Grao Elemental e de Grao Profesional, o departamento organizará audicións do alumnado que se celebrarán de forma continuada ao longo do curso. Ditas audicións serán públicas e se realizarán en tres períodos ao longo do curso, coordinadas pola Vicedirección.

Solicitarase dos departamentos colaboración para a elaboración de calendarios coas propostas de datas para organizar as diferentes audicións ao longo do curso. Estas propostas serán estudadas pola Vicedireción para poder adxudicar datas, espazos e horarios definitivos.

O Departamento de Vento organizará como mínimo tres audicións, que poderán ser tanto de aula como no auditorio do Centro, ao longo do curso nas que o alumnado deberá participar interpretando as obras programadas como mostra do traballo realizado na clase.

## CAPÍTULO 4º. OUTROS

O Centro colabora con entidades públicas e privadas participando en eventos como os concertos pedagóxicos, concertos no Auditorio Municipal do Concello de Ponteareas, entre outros. O Departamento de Vento colaborará na medida do posible motivando e preparando ao alumnado para que participe nestas actividades.

# TÍTULO IX

# SECUENCIACIÓN POR CURSOS

## 9.1. CURSO 1º DE G.E

### 9.1.1. OBXECTIVOS 1º G.E

· Adoptar unha posición corporal que permita respirar con naturalidade.

· Iniciar o control do aire mediante a respiración diafragmática.

· Adoptar unha correcta colocación do instrumento.

· Controlar os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión do son.

· Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o perfeccionamento continuo da calidade sonora e da afinación.

· Coñecer as características e posibilidades sonoras básicas do instrumento.

· Adquirir hábitos de estudo correctos e eficaces e mostrar unha actitude de atención activa nas explicacións do profesorado

### 9.1.2. CONTIDOS 1º G.E.

· Explicación e desenvolvemento mediante exercicios da respiración diafragmática. Desenvolvemento da capacidade pulmonar.

· Explicación da embocadura e fortalecemento dos músculos faciais. Elección e estudo da boquilla.

· Exercicios de emisión coa boquilla.

· Colocación correcta da Trompeta. Estudos de emisión de son. O ligado.

· Principios básicos da dixitación e práctica das distintas combinacións.

· Estudo do rexistro medio. Escala cromática. Escala de Do Maior e La menor.

· Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.

· Interpretación de pezas e fragmentos musicais sinxelos.

### 9.1.3. AVALIACIÓN

· Tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a obxectividade e a transparencia, se aplicarán os criterios de cualificación contidos nesta programación didáctica.

· Como norma xeral, a avaliación terá carácter formativo co fin de detectar as dificultades e ofrecer medidas de reforzo en calquer momento do curso.

· Utilizaranse procedementos e ferramentas variados e que serán determinados polo propio docente en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

### 9.1.4. CRITERIOS DE AVALIACIÓN

· Mostrar unha correcta respiración mantendo a relaxación e unha posición corporal adecuada para garantir a saúde postural, así como, unha correcta execución instrumental acorde coas exixencias do nivel. Mediante este criterio pretendese avaliar o dominio da respiración e a postura evitando tensións innecesarias.

· Desenvolver unha correcta embocadura mantendo unha posición e tonicidade muscular adecuada. Este criterio pretende valorar a capacidade do alumnado para manter unha correcta embocadura facendo un uso adecuado dos músculos faciais que interveñen na formación da mesma.

· Mostrar nos estudos e no repertorio a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. Este criterio pretende verificar que o alumnado é capaz de aplicar no seu estudo as indicacións do profesorado e, con elas, desenvolver unha autonomía progresiva de traballo que lle permita progresar adecuadamente.

· Valorar o interese, a actitude e o comportamento nas clases. Este criterio pretende comprobar a concentración e a atención do alumnado nas explicacións do profesorado e nas actividades do centro.

· Poñer de manifesto a correcta evolución da calidade do son. Mediante este criterio valorarase en que medida o alumnado mostra o coñecemento do funcionamento do instrumento e utiliza adecuadamente a sensibilidade auditiva na interpretación do repertorio adecuado ao seu nivel.

· Memorizar e interpretar fragmentos musicais sinxelos empregando a medida, afinación, articulación e fraseo adecuado ao seu contido. Este criterio pretende comprobar, a través da memoria, a correcta aplicación dos coñecementos teórico-prácticos da linguaxe musical.

· Interpretar obras ou pezas adecuadas ao seu nivel. Este criterio pretende comprobar a capacidade do alumnado para empregar o "tempo", a articulación e a dinámica como elementos básicos da interpretación.

### 9.1.5. Mínimos esixibles

· Adquirir unha posición corporal correcta co instrumento.

· Adquirir os fundamentos dunha boa técnica respiratoria, embocadura e emisión do son.

· Interpretar axeitadamente o 50% dos aspectos técnicos (escalas, arpexos, etc.) programados no curso.

· Interpretar axeitadamente o 50% dos estudos e, cando menos, dúas pezas e/ou obras programados no curso.

### 9.1.6 Procedementos e ferramentas de avaliación

· Empregarase como procedemento a observación directa do alumnado valorando o rendemento do traballo e o comportamento e actitude nas clases, a proba de fin de trimestre e/ou a audición.

· Como ferramentas de avaliación empregarase o caderno do profesorado, onde quedará recollida a información e a valoración do traballo de aula, a actitude e o comportamento, e a folla de calibración que valorará a proba e/ou a audición trimestral, adxunta no apartado 12.4 de Anexos da presente programación. Poderase utilizar gravacións de audio e vídeo como ferramenta de avaliación complementaria.

| Traballo Diario de Aula: 50% da cualificación | Obxectivo | Contido |
|---|---|---|
| 1º. Mostrar unha correcta respiración mantendo a relaxación e una posición corporal adecuada para garantir a saúde postural, así como una correcta execución instrumental acorde coas exigencias do nivel. | a), b), c) | a) |
| 2º. Desenvolver unha correcta embocadura mantendo unha posición e toxicidad muscular adecuada. | d) | b), c) |
| 3º. Mostar nos estudos e no repertorio a capacidade de aprendizaxe progresiva individual. | f) | d), e), f) |
| **proba e/ou Audición Trimestral: 40% da cualificación** | **Obxectivo** | **Contido** |
| 1º. manifestar a correcta evolución da calidade do son. | e) | d) |
| 2º. Memorizar e interpretar fragmentos musicais sinxelos empregando a medida, afinación, articulación e fraseo adecuado ao sea contido. | e) | h) |
| 3º. Interpretar obras ou pezas programadas adecuadas ao seu nivel. | e) | d) |
| **Actitude e comportamento: 10% da cualificación** | **Obxectivo** | **Contido** |
| 1º. Valorar o interese, a actitud e o comportamento nas aulas. | g) | a), b), g) |

### 9.1.7. CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

· Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de tódalas materias do curso actual. O profesorado titor será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula solicitando unha reunión do profesorado de todas as materias do curso elevando a proposta o seu departamento.

· Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso actual e ao que aspira a acceder. O profesorado das distintas materias acordarán, a través dun informe de ampliación de matrícula cunha cualificación numérica, as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos marcados polo Centro para dito proceso.

· Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. O informe para ampliación de matrícula será presentado polo xefe de departamento a dirección do Centro previamente o consello escolar.

### 9.1.8. MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

As medidas de recuperación aplicaranse ao alumnado con perda de avaliación continua por faltas de asistencia e ao alumnado con calificacións negativas. Estas medidas de recuperación consistirán na proba ordinaria do mes de xuño e a proba extraordinaria de setembro.

### 9.1.9. PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS

**PROBA ORDINARIA DO MES DE XUÑO**

· Nesta proba o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos, os estudios e as pezas a interpretar na proba

· O tempo de interpretació n non será inferior a 15 minutos, nin superior a 30 minutos de música para o alumnado de Grao Elemental.

**PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO**

· O alumnado que non acade unha cualificación positiva na avaliación de xuño terá a opción de realizar a proba extraordinaria de se- tembro. Nesta proba o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos, os estudios ou pezas a interpretar. A proba non será inferior a 15 minutos, nin superior a 30 minutos.

### 9.1.10. Recursos: 1º de G.E.

· **Aprende tocando a trompa.** Ed. Mundimúsica (unidade 1 a 12 e pezas de estas unidades). P. Wastall ou Essential Elements 2000. Ed Hal Leonard.

· **Pezas clásicas para trompa e piano.** arr. Ed.G. Billaudot. D.Bourgue.

### Temporalización dos Contidos

#### Primeiro trimestre:

· Explicación e desenvolvemento mediante exercicios da respiración diafragmática.

· Elección e colocación da trompa. Emisión do son.

· Explicación da embocadura e fortalecemento dos músculos faciais.

· Elección da boquilla. Estudos de emisión coa boquilla.

· Principios básicos da dixitación.

· Estudo das unidades 1, 2, 3, 4 de Aprende tocando a trompa. Ou Essential Elements 2000 pax 1A a 12A e pax 41.

#### Segundo trimestre:

· Desenvolvemento da capacidade pulmonar e fortalecemento dos músculos faciais.

· Estudos de emisión coa boquilla e co instrumento.

· Práctica da dixitación. Escala de Do Maior e la menor.

· Estudo das unidades 5, 6, 7, 8 e as pezas de concerto das unidades 1 a 8 de Aprende tocando a trompa. Ou Essential Elements 2000 pax. 1B a 12B, pax. 13 a 20 e pax. 40, 41

· Pezas clásicas para trompa (1 a 4). Ed.Billaudot. D.Bourgue

#### Terceiro trimestre:

· Desenvolvemento da capacidade pulmonar e fortalecemento dos músculos faciais.

· Estudos de emisión coa boquilla e co instrumento. O ligado.

· Estudo do rexistro medio. Escala cromática.

· Práctica da dixitación. Escala cromática.

· Estudo de unidades 9, 10, 11, 12, e as pezas de concerto das uni- dades 9 a 12 de Aprende tocando a trompa de P. Wastall. Ou Es- sential Elements 2000 pax 21 a 42.

· Pezas clásicas para trompa ( 4 a 9). Ed.Billaudot. D.Bourgue.

## 9.2. CURSO 2º DE GRAO ELEMENTAL

### 9.2.1 OBXECTIVOS

· Adoptar unha posición corporal para que permita respirar con naturalidade.

· Adoptar unha correcta colocación do instrumento.

· Desenvolver o control do aire mediante a respiración diafragmática.

· Controlar os músculos que forman a embocadura de maneira que posibilite unha correcta emisión do son.

· Demostrar unha sensibilidade auditiva que permita o perfecciona- mento continuo da afinación e da calidade sonora.

· Coñecer as características e posibilidades sonoras do instrumento e saber utilizalas, tanto na interpretación individual como de conxunto.

· Interpretar un repertorio básico.

· Adquirir hábitos de estudo correctos e eficaces e mostrar unha actitude de atención activa nas explicacións do profesorado.

### 9.2.2 CONTIDOS

· Práctica da respiración diafragmática e fortalecemento dos músculos faciais.

· Desenvolvemento da flexibilidade dos beizos coa práctica de intervalos ligados en posicións fixas e intervalos de terceiras picadas e ligadas con boquilla e con instrumento.

· Estudos de emisión do son, o ligado, e articulacións sinxelas.

· Práctica da postura corporal e a colocación do instrumento.

· Práctica das distintas dixitacións. Escalas maiores e menores ata dous sostidos e dous bemoles.

· Traballo da dinámica forte e piano a través de exercicios e escalas.

· Adquisición de hábitos de estudo correctos e eficaces.

· Interpretación de pezas e fragmentos musicais e inicio ao adestramento progresivo da memoria e a práctica de conxunto a través de acompañamentos de audio.

### 9.2.3 AVALIACIÓN

40 estudos para trompa de H. Kling (do 1 ao 7)

Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso

**SEGUNDA AVALIACIÓN:**

Escalas e arpexos M. e m. nas súas distintas modalidades, de cin- co, seis e sete alteracións, tomando como modelo para as escalas M. e m. "harmónica", as páxinas 157 e 156 respectivamente do mé- todo completo para trompa de L. Thévet, desenvolvendo a velocidade e a emisión e a articulación en todo o rexistro.

Intervalos de 7a, 8a, 9a e 10a, picados e ligados, prestando atención á igualdade sonora e tímbrica entre os distintos rexistros.

Pedais de Fa #, Sol, A b e A, picados e ligados, prestando atención na igualdade sonora e tímbrica entre os rexistros.

Estudo do triplo picado. Son bouche (son mixto)

Bourgue: exercicios pertencentes ao 3o e 4o día, coa práctica dos solos de orquestra.

L. Thévet: práctica do "Bouché" e a Sordina (páxinas 237 a 242).

M. Alphonse (3o caderno): estudos 8 ao 14. Estudo dos ornamentos.

Orchester Probespiel. Ed Peters. 6a Sinf. de Beethoven

40 estudos para trompa de H. Kling (do 8 ao 14)

Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso

**TERCEIRA AVALIACIÓN:**

Pedais de Si b, Si e Do agudo, picados e ligados, prestando aten- ción na igualdade sonora e tímbrica entre os rexistros.

Estudos de triplo picado e dobre picado. Son bouche (son mixto).

Bourgue: exercicios pertencentes ao 5o e 6o día, coa práctica dos solos de orquestra.

L. Thévet: trinos, apoiaturas, mordentes, glisandos e flaterzunge (páx. 243 a 254).

M. Alphonse (3o caderno): estudos 15 a 20.

Orchester Probespiel. Ed Peters. 3a sinf. De Beethoven

40 estudos para trompa de H. Kling (do 15 ao 20)

Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso.

## 9.9 CURSO: 5º DE GRAO PROFESIONAL

### 9.9.1 Obxectivos

Dominar no seu conxunto a técnica (escalas, arpexos, escalas cromáticas, in- tervalos, articulacións, etc) de tódalas tonalidades e respectivas modalidades e afondar no estudo das posibilidades sonoras e expresivas da Trompa.

Utilizar con autonomía os coñecementos musicais e a técnica traballada ata es- te curso para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, afinación, carácter, etc.

Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das diversas épocas e estilos, de dificultade adecuada a este nivel.

Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes nos distintos perío- dos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

Practicar a música de conxunto, en formacións camerísticas de diversa configu- ración e desempeñando papeis de solista con orquestra en obras, de dificulta- de adecuada a este nivel, desenvolvendo así o sentido da interpendencia dos respectivos cometidos.

Adquirir e aplicar ferramentas e competencias para o desenvolvemento da memoria a través do estudo das tonalidades e as obras do curso.

Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista a través de estudios e obras, e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musi- cais para a improvisación co instrumento.

Mostrar unha actitude de atención activa nas explicacións do profesorado, de- senvolver hábitos de estudo eficaces, capacidade de autocrítica e participar nas actividades programadas.

Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a histo- ria e o repertorio do instrumento.

### 9.9.2 Contidos

Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión do instrumento Con exer- cicios en todas as tonalidades; incrementando o pulso a través do metrónomo e procurando unha maior claridade e sincronismo nas distintas articulacións, to- mando como modelo os exercicios do método Technical studies H. L. Clarke.

Estudo do rexistro agudo. Arpexos, posición fixa.

Afondamento en todo o referente á articulación: Estudo do dobre e triplo picado desenvolvendo a velocidade.

Perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica. Práctica dos intervalos en diferentes tonalidades, picados e ligados. Estudo das pedais, picados e ligados.

Estudo dos ornamentos (trinos, mordentes, apoiaturas e grupetos), e o trans- porte.

Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical das obras e os pasaxes orquestrais traballados no curso: liña, cor e expresión adecuándoos aos diferentes estilos, con especial atención ao seu estudo nos tempos lentos.

Adestramento da memoria, práctica da lectura a vista e práctica de conxunto, a través do estudo de escalas, arpexos, estudios e obras programadas no curso.

Procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento traballado no curso.

Estudo da literatura solista do instrumento adecuada a este curso.

Hábitos de estudo correctos e eficaces e valoración da actitude o comporta- mento e a participación nas actividades programadas.

Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.

Estudo teórico de instrumentos afíns.

### 9.9.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de calificación contidos nesta programación didáctica, e a

accesibilidade, dado que alum- nado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao largo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

#### 9.9.3.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exixencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evi- tar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.

Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sono- ras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento mecánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.

Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspec- tos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacidade de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.

Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na im- provisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura á primeira vista así como a súa desenvoltu- ra para abordar a improvisación no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.

Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técni- cos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica, así como a actitude, o comportamento e a participación nas activi- dades programadas.

Interpretar de memoria unha obra de repertorio durante o curso como solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Mediante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capa- cidade de concentración sobre o resultado sonoro delas.

Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demostrando unha correc- ta calidade artística. Mediante este criterio preténdese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madureza da súa personalidade artística.

Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento. Mediante este criterio valorarase en que medida o alumnado incorpora no seu proceso de aprendizaxe os resultados na procura de documentación contrastándoos cos seus propios coñecementos técnicos e musicais.

Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representativas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.

Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Este criterio avalía o concepto per- soal estilístico e a liberdade de interpretación dentro do respecto ao texto.

#### 9.9.3.2 Mínimos esixibles

? Adquirir unha posición corporal correcta co instrumento.

? Adquirir os fundamentos dunha boa técnica respiratoria, emboca- dura e emisión do son.

? Interpretar axeitadamente o 50% dos aspectos técnicos (escalas, arpexos, etc.) programados no curso.

? Interpretar axeitadamente o 50% dos estudos e, cando menos, dúas pezas e/ou obras programados no curso.

#### 9.9.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

? Empregarase como procedemento a observación directa do alum- nado valorando o rendemento do traballo e o comportamento e ac- titude nas clases, a proba de fin de trimestre e/ ou a audición.

? Como ferramentas de avaliación empregarase o caderno do profe- sorado, onde quedará recollida a información e a valoración do tra- ballo de aula, a actitude e o comportamento, e a folla de calibración que valorará a proba e/ou a audición trimestral, adxunta no apartado 12.4 de Anexos da presente programación. Poderase utilizar gravacións de audio e vídeo como ferramenta de avaliación com- plementaria.

#### 9.9.3.4 Criterios de cualificación

**Criterios de cualificación de 5º GP. Relación cos criterios de avaliación, obxectivos e contidos.**

Os seguintes criterios achegarán o 50% da cualificación a través do traballo diario nas clases:

Criterio de avaliación

Obxectivo

Contido

a) Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exixencias da execución instrumental

b) Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.

c) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

d) Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capa- cidade progresiva na improvisación sobre o instrumento

h) Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento.

Os seguintes criterios achegarán o 10% da cualificación:

Criterio de avaliación

Obxectivo

Contido

e) Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos.

Os seguintes criterios achegarán o 40% da calificación a través dunha proba e/ou dunha audición:

Criterio de avaliación

Obxectivo

Contido

c) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

f) Interpretar de memoria unha obra de repertorio durante o curso como solista de acordo cos criterios do estilo co- rrespondente.

g) Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel cunha correcta interpretación.

i) Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.

j) Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.

**PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN**

TRABALLO DE AULA 50%

ACTITUDE E COMPORTAMENTO 10 %

PROBA E/OU AUDICIÓN TRIMESTRAL 40%

**FERRAMENTA DE AVALIACIÓN**

CADERNO DO PROFESORADO OU DE SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN

### 9.9.4 CRITERIOS PARA A CONCESIÓN DE AMPLIACIÓN DE MATRÍCULA

Demostrar que ten adquiridos os obxectivos específicos ou capacidades de tódalas materias do curso actual. O profesorado titor será o encargado de propoñer a ampliación de matrícula solicitando unha reunión do profesorado de todas as materias do curso ele- vando a proposta o seu departamento.

Amosar as adecuadas capacidades de aprendizaxe para superar o curso actual e ao que aspira a acceder. O profesorado das distintas materias acordarán, a través dun informe de ampliación de matrícu- la cunha cualificación numérica, as capacidades de aprendizaxe e a adquisición dos obxectivos específicos dentro dos prazos marca- dos polo Centro para dito proceso.

Obter unha cualificación positiva de todas as materias do curso actual. O informe para ampliación de matrícula será presentado polo xefe de departamento a dirección do Centro previamente o consello escolar.

### 9.9.5 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

As medidas de recuperación aplicaranse ao alumnado con perda de avaliación continua por faltas de asistencia e ao alumnado con calificacións negativas. Estas medidas de recuperación consistirán na proba ordinaria do mes de xuño e a proba extraordinaria de setembro.

#### 9.9.5.1 PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS PROBA ORDINARIA DO MES DE XUÑO

Nesta proba o alumnado deberá presentar toda a materia que co- rresponda ao curso en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos, estudios e as pezas a interpretar na proba

O tempo de interpretación será entre 30 minutos e 45 minutos de mú sica para o alumnado de grao profesional.

#### 9.9.5.2 PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na avaliación de xuño terá a opción de realizar a proba extraordinaria de se- tembro. Nesta proba o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos, os estudios ou pezas a interpretar. A proba non será inferior a 30 minutos, nin superior a 45 minutos.

## 9.9.6 RECURSOS DIDÁCTICOS

### RECURSOS 5º CURSO DE G. PROFESIONAL

**TECHNI-COR; VOLUME IV:** SINCRONISMOS DE D. BOURGUE

**COMPENDIO DA TÉCNICA DE TROMPA** DE V. ZARZO

**LIBRO "LA TROMPA"** DE V. ZARZO. ED SEYER.

**MÉTODO COMPLETO PARA TROMPA** (VOL. 3) PÁX. 255 A 314 DE L. THÉVET

**TERCEIRO CADERNO DOS 200 ESTUDOS.** ESTUDOS 21 A 40 DE M. ALPHONSE

**10 ESTUDOS PARA TROMPA OP. 7** DE V. ZARZO O 40 ESTUDOS PARA TROMPA DE H. KLING (DO 21 AO 40)

**ORCHESTER PROBESPIEL. ED PETERS**

**TRES OBRAS A ESCOLLER POLO PROFESORADO SEGUNDO OALUMNADO:**

**CONCERTO NO 3 DE W .A. MOZART**

**CONCERTO NO 2 DE W .A. MOZART**

**SONATA OP 17 DE L.V. BEETHOVEN**

**CONCERTINO OP 5 E E. LARSSON**

**VILLANELLE DE P. DUKAS**

**ELEGIE DE F. POULENC**

**LAUDATIO DE B. KROL**

**SONATA DE A. BLANQUER**

**SONATA (1939) DE P . HINDEMITH**

**CONCERTO NO 1 DE R. STRAUSS**

**MORCEAU DE CONCERT DE C. SAINT-SAENS**

**BAGATELLE DE H. NEULING**

**SONATA NO 2 DE L. CHERUBINI**

**FANTASÍA OP.12 DE SALVADOR BROTÓNS**

**TEMPORALIZACIÓN DOS CONTIDOS**

**PRIMEIRA AVALIACIÓN:**

Escalas e arpexos M. e m. nas súas distintas modalidades de ata 4 alteracións, tomando como modelo para as escala M. e m. "harmónica", as páx. 157 e 156 respectivamente do método de L. Thévet, utilizando distintas articulacións.

Intervalos de 3a, 4a, 5a, 6a, 7a e 8a nas tonalidades de Do M, Sol M Páxina 84 de 98 e Fa M, picados e ligados.

Pedais de Do, Do #, Re, Mib, Mi e Fa, picados e ligados, prestando atención na igualdade sonora e tímbrica entre os rexistros. Estudo do triplo e dobre picado.

Bourgue: exercicios pertencentes ao 1o e 2o día, coa práctica dos solos de orquestra.

L. Thévet: o transporte (páxs. 255 a 276)..

M. Alphonse (3o caderno): estudos 21 a 28..

Orchester Probespiel. Ed Peters. 4a e 5o sinf. de Chaikovsky (An- dante)

V. Zarzo: estudos 1, 2, 3 e 4 ou os 40 estudos para trompa de H. Kling (do 21 ao 27)

Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso

**SEGUNDA AVALIACIÓN:**

Escalas e arpexos M. e m. nas súas distintas modalidades, de 5 e 6 alteracións, tomando como modelo para as escalas M. e m. "har- mónica", as páx. 157 e 156 respectivamente do método de L. Thévet, con rapidez e claridade nos rexistros, en introducindo diferentes articulacións.

Intervalos de 3a, 4a, 5a, 6a ,7a e 8a,nas tonal. de ReM, Sib Me LA M, picados e ligados.

Pedais de Fa #, Sol, A b e A, picados e ligados, prestando atención na igualdade sonora e tímbrica entre os rexistros.

Estudo do triplo e dobre picado. Son bouche (son de eco).

Bourgue: exercicios pertencentes ao 3o e 4o día, coa práctica dos solos de orquestra.

L. Thévet: exercicios técnicos (páxs. 288 a 302).

M. Alphonse (3o caderno): estudos 29 a 35.

Orchester Probespiel. Ed Peters. 9a Sinf. de Beethoven.

V. Zarzo: estudos 5, 6, 7 e 8 ou os 40 estudos para trompa de H. Kling (do 28 ao 34)

Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso

**TERCEIRA AVALIACIÓN:**

Escalas e arpexos M. e m. nas súas distintas modalidades, de sete alteracións, tomando como modelo para a escala M. e m. "harmónica", as páx. 157 e 156 respectivamente do método de L. Thévet, con rapidez e claridade nos rexistros, e introducindo diferentes arti- culacións.

Intervalos de 3a ,4a, 5a, 6a, 7a e 8a, nas tonal. de ReM,SibMeLA M, picados e ligados.

Pedais de Se b, Se e Do, picados e ligados, prestando atención na igualdade sonora e tímbrica entre os rexistros.

Estudo do triplo e dobre picado. Son bouche (son de eco).

Bourgue: exercicios pertencentes ao 5o e 6o día, coa práctica dos

solos de orquestra.

L. Thévet: 26 exercicios (páxs. 303 a 314).

M. Alphonse (3o caderno): estudos 36 a 40.

Orchester Probespiel. Ed Peters. 1a e 3a Sinfonía de Brahms.

V. Zarzo: estudos 9 e 10 ou os 40 estudos para trompa de H. Kling (do 35 ao 40)

Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso.

## 9.10 CURSO: 6º DE GRAO PROFESIONAL

### 9.10.1 OBXECTIVOS

Dominar no seu conxunto a técnica (escalas, arpexos, escalas cromáticas, intervalos, articulacións, etc) de tódalas tonalidades e respectivas modalidades e afondar no estudo das posibilidades sonoras e expresivas da Trompa.

Utilizar con autonomía os coñecementos musicais e a técnica tra- ballada ata este curso para solucionar cuestións relacionadas coa interpretación: dixitación, articulación, fraseo, afinación, carácter, etc.

Interpretar un repertorio que inclúa obras representativas das di- versas épocas e estilos, de dificultade adecuada a este nivel.

Coñecer as diversas convencións interpretativas vixentes nos dis- tintos períodos da historia da música instrumental, especialmente as referidas á escritura rítmica ou á ornamentación.

Practicar a música de conxunto, en formacións camerísticas de di- versa configuración e desempeñando papeis de solista con orques- tra en obras, de dificultade adecuada a este nivel, desenvolvendo así o sentido da interpendencia dos respectivos cometidos.

Adquirir e aplicar ferramentas e competencias para o desenvolve- mento da memoria a través do estudo das tonalidades e as obras do curso.

Desenvolver a capacidade de lectura á primeira vista a través de estudios e obras, e aplicar con autonomía progresivamente maior os coñecementos musicais para a improvisación co instrumento.

Mostrar unha actitude de atención activa nas explicacións do profe- sorado, desenvolver hábitos de estudo eficaces, capacidade de au- tocrítica e participar nas actividades programadas.

Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento.

### 9.10.2 CONTIDOS

Desenvolvemento da velocidade en toda a extensión do instrumento con exercicios en todas as tonalidades; incrementando o pulso a través do metrónomo e procurando unha maior claridade e sincro- nismo nas distintas articulacións.

Estudo do rexistro agudo. Arpexos, harmónicos naturais (glisandos) picados e ligados.

Afondamento en todo o referente á articulación: Estudo do dobre e triplo picado desenvolvendo a velocidade.

Perfeccionamento da igualdade sonora e tímbrica. Práctica dos intervalos en diferentes tonalidades, picados e ligados. Estudo das pedais, picados e ligados.

Estudo dos ornamentos (trinos, mordentes, apoiaturas e grupetos), o transporte, e o son bouche e de eco.

Traballo de todos os elementos que interveñen no fraseo musical das obras e os pasaxes orquestrais traballados no curso: liña, cor e expresión adecuándoos aos diferentes estilos, con especial aten- ción ao seu estudo nos tempos lentos.

Adestramento da memoria, práctica da lectura a vista e práctica de conxunto, a través do estudo de escalas, arpexos, estudios e obras programadas no curso.

Procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento traballado no curso.

Estudo da literatura solista do instrumento adecuada a este curso.

Hábitos de estudo correctos e eficaces e valoración da actitude o comportamento e a participación nas actividades programadas.

Audicións comparadas de grandes intérpretes para analizar de xeito crítico as características das súas diferentes versións.

Iniciación á interpretación da música contemporánea e ao coñecemento das súas grafías e efectos.

### 9.10.3 Avaliación

En termos xerais, a avaliación terá un carácter eminentemente formativo co fin de detectar as dificultades no instante en que se produzan e ofrecer medidas de reforzo en calquera momento do curso.

Para elo utilizaranse procedementos e ferramentas variados que permitirán valorar o que se quere medir en cada caso, e que serán determinados polo propio profesor/a en función da adecuación cos obxectivos e os contidos que pretenda avaliar.

A avaliación do proceso de aprendizaxe rexerase por unha serie de principios xerais como son a obxectividade, tendo en conta a dificultade de avaliar unha disciplina artística, a transparencia, xa que se aplicarán os criterios de califica- ción contidos nesta programación didáctica, e a

accesibilidade, dado que alum- nado e familias disporán de toda a información relacionada coa súa avaliación ao largo de todo o proceso de ensinanza-aprendizaxe sen limitarse unicamente á calificación trimestral ou final.

#### 9.10.3.1 CRITERIOS DE AVALIACIÓN

Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exixencias da execución instrumental. Con este criterio preténdese avaliar o dominio da coordinación motriz e o equilibrio entre os indispensables esforzos musculares que require a execución instrumental e o grao de relaxación necesaria para evitar tensións que conduzan a unha perda de control na execución.

Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibili- dades sonoras do instrumento. Mediante este criterio preténdese avaliar o coñecemento das características e do funcionamento me- cánico do instrumento e a utilización das súas posibilidades.

Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais. Este criterio avalía a capacida- de de relacionar os coñecementos técnicos e teóricos necesarios para alcanzar unha interpretación adecuada.

Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade pro- gresiva na improvisación sobre o instrumento. Este criterio avalía a competencia progresiva que adquire o alumnado na lectura á pri- meira vista así como a súa desenvoltura para abordar a improvisa- ción no instrumento aplicando os coñecementos adquiridos.

Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolución de problemas técnicos e interpretativos. Con este criterio quérese comprobar o desenvolvemento que o alumnado alcanzou en canto aos hábitos de estudo e á capacidade de autocrítica, así como a actitude, o comportamento e a participación nas actividades pro- gramadas.

Interpretar de memoria unha obra de repertorio durante o curso como solista de acordo cos criterios do estilo correspondente. Me- diante este criterio valórase o dominio e a comprensión que o alumnado posúe das obras, así como a capacidade de concentra- ción sobre o resultado sonoro delas.

Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel demos- trando unha correcta calidade artística. Mediante este criterio pre- téndese avaliar a capacidade de autocontrol e grao de madureza da súa personalidade artística.

Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento. Mediante este cri- terio valorarase en que medida o alumnado incorpora no seu pro- ceso de aprendizaxe os resultados na procura de documentación contrastándoos cos seus propios coñecementos técnicos e musicais.

Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo. Trátase de avaliar o coñecemento que o alumnado posúe do repertorio do seu instrumento e das súas obras máis representati- vas, así como o grao de sensibilidade e imaxinación para aplicar os criterios estéticos correspondentes.

Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpretación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical. Es- te criterio avalía o concepto persoal estilístico e a liberdade de in- terpretación dentro do respecto ao texto.

#### 9.10.3.2 Mínimos esixibles

Adquirir unha posición corporal correcta co instrumento.

Adquirir os fundamentos dunha boa técnica respiratoria, emboca- dura e emisión do son.

Interpretar axeitadamente o 50% dos aspectos técnicos (escalas, arpexos, etc.) programados no curso.

Interpretar axeitadamente o 50% dos estudos e, cando menos, dúas pezas e/ou obras programados no curso.

#### 9.10.3.3 Procedementos e ferramentas de avaliación

Empregarase como procedemento a observación directa do alumnado valorando o rendemento do traballo e o comportamento e ac- titude nas clases, a proba de fin de trimestre e/ou a audición.

Como ferramentas de avaliación empregarase o caderno do profesorado, onde quedará recollida a información e a valoración do tra- ballo de aula, a actitude e o comportamento, e a folla de calibración que valorará a proba e/ou a audición trimestral, adxunta no aparta- do 12.4 de Anexos da presente programación. Poderase utilizar gravacións de audio e vídeo como ferramenta de avaliación complementaria.

#### 9.10.3.4 Criterios de cualificación

##### Criterios de cualificación de 6º GP. Relación cos criterios de avaliación, obxectivos e contidos.

Os seguintes criterios achegarán o 50% da cualificación a través do traballo diario nas clases:

Criterio de avaliación

Obxectivo

Contido

a) Utilizar o esforzo muscular, a respiración e relaxación adecuados ás exixencias da execución instrumental

b) Demostrar sensibilidade auditiva na afinación e no uso das posibilidades sonoras do instrumento.

c) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

d) Demostrar solvencia na lectura á primeira vista e capacidade progresiva na improvisación sobre o instrumento

h) Mostrar interese na procura e selección de información sobre a técnica, a historia e o repertorio do instrumento.

Os seguintes criterios achegarán o 10% da cualificación:

Criterio de avaliación

Obxectivo

Contido

e) Mostrar unha autonomía progresivamente maior na resolu- ción de problemas técnicos e interpretativos.

Os seguintes criterios achegarán o 40% da calificación a través dunha proba e/ou dunha audición:

Criterio de avaliación

Obxectivo

Contido

c) Demostrar o dominio na execución de estudos e obras sen desligar os aspectos técnicos dos musicais.

f) Interpretar de memoria unha obra de repertorio durante o curso como solista de acordo cos criterios do estilo corres- pondente.

g) Presentar en público un programa adecuado ao seu nivel cunha correcta interpretación.

i) Interpretar obras das distintas épocas e estilos como solista e en grupo.

j) Demostrar a autonomía necesaria para abordar a interpre- tación dentro das marxes de flexibilidade que permita o texto musical.

**PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN**

TRABALLO DE AULA 50%

ACTITUDE E COMPORTAMENTO 10 %

PROBA E/OU AUDICIÓN TRIMESTRAL 40%

9.10.4 MEDIDAS DE RECUPERACIÓN

**FERRAMENTA DE AVALIACIÓN**

CADERNO DO PROFESORADO OU DE SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN

As medidas de recuperación aplicaranse ao alumnado con perda de avaliación continua por faltas de asistencia e ao alumnado con calificacións negativas. Estas medidas de recuperación consistirán na proba ordinaria do mes de xuño e a proba extraordinaria de setembro.

**9.10.4.1 PROCEDEMENTOS DE RECUPERACIÓN ORDINARIOS PROBA ORDINARIA DO MES DE XUÑO**

Nesta proba o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso en cuestión, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos, os estudios e as pezas a interpretar na proba

O tempo de interpretació n non será inferior a 30 minutos, nin superior a 45 minutos de mú sica para o alumnado de grao profesional.

**9.10.4.2 PROBAS EXTRAORDINARIAS DE SETEMBRO**

O alumnado que non acade unha cualificación positiva na avalia- ción de xuño terá a opción de realizar a proba extraordinaria de setembro. Nesta proba o alumnado deberá presentar toda a materia que corresponda ao curso, sendo o profesorado o encargado de designar os contidos, os estudios ou pezas a interpretar. A proba non será inferior a 30 minutos, nin superior a 45 minutos.

## 9.10.5 Recursos didácticos

### Recursos 6º curso de G. Profesional

**Techni-cor; Volume V:** Transporte de D. Bourgue

**Método compl. para trompa** (vol. 3) (páxinas 315 a 338) de L.Thévet

**Cuarto caderno dos 200 estudos** de M. Alphonse

**Compendio da técnica de trompa** de V. Zarzo

**Libro "A trompa"** de V. Zarzo. Ed Seyer**.**

**Orchester Probespiel.** Ed Peters

**18 Estudos novos. V. Zarzo (9 estudios a escoller polo profesor) ou os 60 estudos técnicos seleccionados para trompa de Kopprasch (do 1 ao 30).**

Tres obras a escoller polo profesorado segundo as características do alumnado:

**Concerto no 3** de W .A. Mozart

**Concerto no 2** de W .A. Mozart

**Sonata Op 17** de L.V. Beethoven

**Concertino Op 5** de E. Larsson

**Villanelle** de P. Dukas

**Elegie** de F. Poulenc

**Laudatio** de B. Krol

**Sonata** de A. Blanquer

**Sonata (1939)** de P . Hindemith

**Concerto no 1** de R. Strauss

**Morceau de Concert** de C. Saint-Saens

**Fantasía Op.12** de Salvador Brotóns

### Temporalización dos contidos

### Primeira avaliación:

Escalas e arpexos M. e m. nas súas distintas modalidades, de ata 4 alteracións, tomando como modelo para as escalas M. e m. "har- mónica", as páx. 157 e 156 do método de L. Thévet, con rapidez e claridade nos rexistros e introducindo diferentes articulacións.

Intervalos de 3a, 4a, 5a, 6a, 7a e 8a nas tonal. Maiores. de ata 4 alte- racións, picados e ligados.

Pedais de Do a Sol cromáticamente, picados e ligados, con claro dominio técnico e sonoro.

Estudo do triplo e dobre picado e o son bouche (son de eco).

Bourgue: exercicios pertencentes ao 1o e 2o día, coa práctica dos pasaxes de orquestra.

L. Thévet: estudos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8; dos 20 estudos para mello- rar estilos (pax. 315 a 322).

M. Alphonse (4o caderno): estudos 1, 2, 3, 4, 5, 6, 7 e 8.

Orchester Probespiel. Ed Peters. Till Eulenspiegel de R. Strauss

V. Zarzo: estudos 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7. Ou os 60 estudos técnicos se- leccionados para trompa de Kopprasch (do 1 ao 10).

Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso. Interpretación de memoria.

**SEGUNDA AVALIACIÓN:**

Escalas e arpexos M. e m. nas súas distintas modalidades de cinco, seis e sete alteracións, tomando como modelo para as escalas M. e m. "harmónica", as páx. 157 e 156 do método de L. Thévet, con rapidez e claridade nos rexistros e introducindo diferentes articulacións.

Intervalos de 3a, 4a, 5a, 6a, 7a e 8a nas tonal. M. de 5, 6 e 7 alteracións, picados e ligados.

Pedais de Sol a Do cromáticamente, picados e ligados, con claro dominio técnico e sonoro.

Estudo do triplo e dobre picado e o son bouche (son de eco).

Bourgue: exercicios pertencentes ao 3o e 4o día, coa práctica dos pasaxes de orquestra.

L. Thévet: estudos 9, 10, 11, 12, 13, 14, 15 e 16 dos vinte estudos para mellorar estilo (páx. 323 a 331).

M. Alphonse (4o caderno): estudos 9, 10, 11, 12, 13 e 14. Práctica dos ornamentos.

Orchester Probespiel. Ed Peters. Don Juan de R. Strauss

V. Zarzo: estudos 8, 9, 10, 11, 12, 13 e 14. Ou os 60 estudos técnicos seleccionados para trompa de Kopprasch (do 11 ao 20).

Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso

**TERCEIRA AVALIACIÓN:**

Bourgue: exercicios pertencentes ao 5º e 6º día coa práctica dos solos de orquestra.

L.Thévet: estudos 17, 18, 19 e 20 dos 20 estudos para mellorar estilo (páx. 332 a 337). Práctica do dobre e triplo picado.

M. Alphonse (4o caderno): estudos 15, 16, 17, 18, 19 e 20. Práctica dos ornamentos.

Orchester Probespiel. Ed Peters. Sinfonía no 5 de Schostakovic.

V. Zarzo: estudos 15, 16, 17 e 18. Ou os 60 estudos técnicos seleccionados para trompa de Kopprasch (do 21 ao 30).

Unha obra escollida polo profesorado de entre as programadas no curso

Preparación de proba de acceso ao grao superior.

## 10. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

Seguindo as instrucións que se recollen no artigo 2º da orde do 8 de Febreiro de 2008 pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música na Comunidade Autónoma de Galicia, e que indican que *"[...]a avaliación terá un carácter formativo e orientador do proceso educativo e proporcionará unha información constante que permita mellorar tanto os procesos coma os resultados da intervención educativa*[...]", este departamento leva a cabo unha tripla avaliación: do proceso de aprendizaxe (que se desenvolveu no apartado correspondente de cada curso), da programación didáctica e da nosa labor docente.

O seguimento e avaliación das programacións será rexistrado por cada docente e tratado nas reunións periódicas do departamento, quedando constancia na acta daquelas desviacións e modificacións acordadas. Estas ideas e propostas de mellora serán incluídas na memoria final do departamento, xa que servirán de base para a elaboración da programación didáctica do vindeiro curso.

Por outra banda, a misión da Comisión de Coordinación Pedagóxica será a de garantir que as programacións didácticas dos distintos departamentos presenten coherencia secuencial entre todas elas, e indicar, se é o caso, as modificacións pertinentes que deberán ser realizadas polos departamentos.

**Dende o Departamento de Vento para avaliar a nosa programación didáctica teremos en conta os seguintes aspectos:**

Obxectivos: Adecuación ás necesidades específicas do alumnado e do Proxecto Educativo do Centro

Contidos: Validez na súa elección con respecto aos obxectivos for- mulados e adecuación ao nivel do alumnado

Actividades: Atención á diversidade das capacidades e adecuación aos intereses do alumnado e aos seus ritmos de aprendizaxe

Criterios metodolóxicos: A adecuación e coherencia dos mesmos

Os medios e recursos: Avaliación dos criterios para a elección dos medios e recursos didácticos e a súa adecuación aos obxectivos propostos.

A avaliación: Comprobarase a idoneidade e a adecuación entre cri- terios de avaliación, técnicas e procedementos, así como entre os criterios de avaliación, contidos e obxectivos

Alumnado: A relación co alumnado, ademais do clima de convivencia e traballo.

## 11. Procedementos para realizar a avaliación interna do Departamento

Do mesmo xeito que se indica no punto anterior, a avaliación do labor docente supón un dos tres elementos a avaliar dentro do noso sistema educativo xunto co proceso de aprendizaxe e a programación didáctica.

Será misión do profesorado realizar a análise dos datos que obteña trala avaliación do alumnado e da programación didáctica para realizar as diferentes adaptacións ou adecuacións das estratexias metodolóxicas co fin de mellorar os resultados acadados.

Para levar a cabo este proceso contarase tamén coa análise das enquisas de satisfacción do alumnado como vía alternativa ás clases para obter datos direc- tos relativos á súa función.

Nas reunións do departamento trataranse todos estes puntos ademais dos que o profesorado considere relevantes, sen descoidar aspectos como os recursos materiais e persoais dos que dispón o propio departamento para ofrecer unha ensinanza de calidade, trasladando á Comisión de Coordinación Pedagóxica todo aquilo que se estime oportuno.

# 12. ANEXOS

## 12.1 Probas de acceso 1º de grao profesional

Consultar o documento de información das probas de acceso ao Centro.

## 12.2 Probas de acceso a outros cursos.

Consultar o documento de información das probas de acceso ao Centro.

## 12.3 Premios Fin de Grao

Segundo consta na lexislación vixente, os departamentos didácticos establecerán os criterios valorativos para a obtención do premio de fin de grao profesional.

### 12.3.1 Contidos da proba

· Presentación por parte dos aspirantes dun programa cunha duración comprendida entre os 20 e os 40 minutos, sendo 20 minutos a duración mínima para a proba.

Inclusión dunha serie de obras que representen, cando menos, tres estilos diferentes, quedando excluídos desta particularidade os instrumentos nos que non sexa posible.

Interpretación de memoria dunha das obras presentadas.

Elaboración, por parte do aspirante, e posterior entrega na secretaría do Centro (con rexistro de entrada e mediante soporte informático) das notas ao programa elaboradas por el/a mesmo/a, cando menos con tres días de antelación á celebración da proba, non re- colléndose ningunha fóra de prazo sen a debida xustificación, que será atendida a criterio da Dirección do Centro. Estas notas ao programa seguirán Máximo dun folio con 3.750 caracteres en formato "DIN A4".

### 12.3.2 Criterios de avaliación

? Realizar unha interpretación musical de calidade acorde ás esixencias da proba.

? Presentar un programa coherente en relación aos contidos expostos.

? Interpretar un programa que presente obras de diferentes épocas e/ou estilos cunha dificultade acorde ao nivel.

## 12.4 Folla de calibración para audicións e/ou probas instrumentais Indicadores.

### Hábito postural e control da respiración 20%

**Adecuación á partitura 20%**

**Calidade do son e/ou afinación 20%**

**Interpretación 25%**

**Actitude 15%**

| Faltas | Por Trimestre | Total Curso |
|---|---|---|
| **Xustificadas** | 3 | 9 |
| **Sen Xustificar** | 2 | 6 |